

## Oligarquía ou sociedade anónima?

Un dos feitos constatados ao longo da crise que vivimos é que, ademais de todas as responsabilidades que se poidan esixir a gobernos e organismos reguladores por non poñeren límites ao «libre mercado», é que a crise que afecta moitas entidades financeiras tamén ten que ver con que os seus xestores non sempre fixeron ben o seu traballo. Nalgúns casos, a xestión foi nefasta e provocou situacións de creba como as vividas no Lehman Brothers ou nalgunhas caixas españolas: CCM e CajaSur.

A cidadanía enfádase, con razón, porque estes xestores (que á fin e ao cabo son asalariados), amais de percibiren retribucións coas que poderían vivir probablemente moitas familias e que se asemellan, nalgúns casos, ás do mercado futbolístico (só que aqueles non entreteñen a ninguén) sempre resultan indemnes de calquera responsabilidade por erros cometidos e danos causados á sociedade e a moitas familias.

**As cúpulas directivas de empresas de tamaño importante, como a nosa, viven en marcos laborais diferentes ao do 97% restante de empregados. Non están sometidas ás mesmas políticas disciplinarias que os demais, as súas prexubilacións e plans de pensións tampouco son iguais e as súas retribucións moito menos.** O motivo é sinxelo: son eles os que aplican a política disciplinaria e os que deciden como, canto e a quen retribuír. Xaora que existen modelos retributivos no mercado e a maioría de empresas aplícanos, pero «a caste» non está sometida a eses modelos.

Por exemplo, en Banco Sabadell, na pasada Xunta de Accionistas aprobouse unha proposta de destinar **28 millóns de opcións**

**sobre accións que hai que distribuír entre 322 membros da alta dirección.** A xustificación da devandita medida é a de incentivar e fidelizar este colectivo e, como condición para a súa liquidación, ademais do prezo da acción, establécese que é condición necesaria que «se supere a porcentaxe mínima de cumprimento de obxectivo persoal VEP». Non nos cabe dúbida de que **a VEP destas persoas non se basea na xestión persoal dunha carteira de clientes; o seu VEP é conseguir que todos os demais traballen moitísimo co menor custo posible.** Tampouco nos cabe dúbida de que o mínimo do seu VEP conseguirán acadalo.

Convencidos de que o xusto e equilibrado é incentivar e fidelizar a todo o cadro de persoal, **presentámoslle ao conselleiro delegado unha proposta discretísima no sentido de que se entregasen 200 accións a cada empregado.** A resposta chegounos desde a Dirección de RR HH e é unha resposta obvia, pero carente de calquera consistencia.

Por un lado, infórmanos de que as opcións sobre accións forman parte «do sistema retributivo que o banco ten establecido» e ese é o mesmo argumento para dicirnos que **non aceptan entregarnos as 200 accións**

por empregado, coma se «o banco» fose un ente abstracto e a «política retributiva» un dogma de inspiración divina.

Xa o dixemos antes: **como, canto e a quen se paga decídeno os máximos xestores da entidade e, segundo parece, decidiron que se van incentivar a eles mesmos, que para iso son os que mandan.** Nesa mesma liña, tamén decidiron aboar o dividendo con accións de autocartera, medida que provoca que este mes de maio non percibamos os cuartos de paga de beneficios que cobramos o ano pasado.

Tamén nos indican na carta que o axioma «sistema retributivo» non recolle compensacións lineais. Ben, para iso si temos unha contraproposta:

Non temos problemas en aceptar que se entreguen accións en función doutros parámetros, sempre que 200 sexa o mínimo por persoa. Pensamos, incluso, que **sería razoable un sistema equiparable ao que se autoasignaron. É dicir, que distribúan opcións sobre accións. Estamos seguros de que a Xunta de Accionistas tamén o aprobaría.**

O conselleiro delegado e o director de RR HH deberían acceder a esta proposta. Resulta bastante desagradable enfrontar

situacións que parecen **destilar criterios** oligárquicos.

Nós porfiamos na nosa petición porque é xusta e porque Banco de Sabadell pode: comunicaron a súa vontade de poxar por CajaSur, o que significa que dispomos de suficiente *cash* para comprar, así que seguro que poden aprobar a nosa proposta, que só sería de 1.800.000 accións.

Aproveitamos para lles lembrar todas as persoas que traballan nesta entidade que **temos que traballar con rigor, eficiencia e honestidade pero sen esquecer que compensación percibimos polo noso esforzo entregado neste proxecto empresarial e que percibirán outros, precisamente por facer presión sobre o resto.**

Reiterar o dito no comunicado sobre o emprego:

**Os xestores non son os amos da empresa e deben xestionar COS TRABALLADORES, NON EN CONTRA DOS TRABALLADORES.**

Xuño de 2010

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

## Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos .....

DNI ..... correo electrónico .....

Dirección .....

Poboación .....

Código postal .....

Domiciliación bancaria:

Entidade \_\_\_\_\_ Oficina \_\_\_\_\_ DC \_\_\_\_\_ Conta \_\_\_\_\_

Sinatura:

### PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lodp@ccoos.es](mailto:lodp@ccoos.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.